

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE MARZO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.
- Decreto polo que se crea e se regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o desenvolvemento da cátedra institucional "O Camiño de Santiago e as peregrinacións" período 2022-2024, por importe de noventa mil euros (90.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do servizo de soporte técnico especializado e xestión de aplicacións e servizos TIC na Administración de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xustiza en Galicia, por un orzamento de licitación, IVE ao 21 % incluído, de tres millóns oitocentos cincuenta e dous mil cento oitenta e cinco euros con catro céntimos (3.852.185,04 €) e un valor estimado de sete millóns seiscentos corenta mil seiscentos noventa e sete euros con sesenta céntimos (7.640.697,60 €).

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para a execución da obra: tanque de tormentas de Pontiñas e colectores interceptores. Lalín (Pontevedra), por importe seis millóns setecentos dezaoto mil novecentos cincuenta e tres euros con noventa e seis céntimos (6.718.953,96 €), e cun valor estimado de cinco millóns cincocentos cincuenta e dous mil oitocentos cincuenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (5.552.854,51 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2022, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e de música e se aproba a convocatoria para o ano 2022.

INFORMES

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a recollida de residuos mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables como medida para a protección e recuperación da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

biodiversidade e dos ecosistemas mariños ao abeiro de proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca nos anos 2021 e 2022.

- Informe executivo do CETMAR das convocatorias 2020 e 2021 e resumo de datos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA PARA POÑER Á DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS UN SISTEMA VOLUNTARIO QUE GARANTA UNHA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PROFESIONAL E DE CALIDADE

- O Goberno galego impulsa esta norma por responsabilidade social, ambiental e económica e co fin de dar resposta á demanda persistente de axuda dos municipios que teñen dificultades para o exercicio das súas responsabilidades sobre a xestión da auga
- Créase un marco normativo para regular o apoio ás administracións locais nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración das augas
- A Xunta ofrecerá aos municipios a posibilidade de encomendarlle a Augas de Galicia, de forma voluntaria, a xestión dos diferentes servizos da auga para obter garantías da súa eficiencia e eficacia, apostando por un uso racional do recurso e polo aforro da auga
- A Administración autonómica financiará, ademais, un terzo do custo das obras que se identifiquen como necesarias para o bo funcionamento do sistema
- Incentívase a xestión profesionalizada e especializada, apostando pola explotación agrupada das infraestruturas e a aplicación de economías de escala, que permite aforros estimados no 10 %, e fomentárase a eficiencia enerxética
- Priorizaranse as actuacións nas redes de saneamento e abastecemento co fin de limitar as fugas, que en ocasións superan o 40 %, e de evitar as infiltracións de augas de chuvia, de mar ou dos ríos, que causan gran parte das 263 verteduras que soportan as rías galegas
- Augas de Galicia tamén porá á disposición de todos os concellos directrices para o control de verteduras, para o saneamento e depuración en pequenos núcleos de poboación, para mellorar a xestión das augas pluviais e para a eficiencia enerxética das instalacións
- O novo modelo implica igualdade de trato e de condicións en todo o territorio, con prezos únicos e xustos no conxunto da Comunidade
- Reordénanse os tributos existentes, sen crear novas taxas aos usuarios e garantindo a potestade tributaria dos municipios

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga co obxectivo de mellorar a prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga e poñer á disposición dos concellos un sistema voluntario que garanta unha xestión profesional e de calidade.

O Goberno galego impulsa esta lei transformadora, con vontade de ofrecer solucións e de mellorar a calidade das augas, por responsabilidade social, ambiental e económica,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procurando, ademais, dar resposta á demanda persistente de axuda por parte dos municipios para o exercicio das dúas responsabilidades sobre a xestión da auga.

Créase así un marco normativo para acadar unha mellor xestión das infraestruturas de abastecemento e saneamento e uns servizos de calidade en todos os concellos de Galicia, buscando un uso racional dos recursos hídricos, o aforro de auga e a optimización do funcionamento das redes de saneamento, co fin de mellorar a depuración das augas residuais e previr a contaminación.

Ademais, a través desta lei, ofrécese un modelo de adhesión voluntaria para os concellos que teñan dificultades para acadar por si mesmos estas melloras na xestión, regulándose o apoio ás administracións locais nas súas competencias de abastecemento, saneamento e a depuración das augas.

A Xunta considera necesario avanzar neste novo modelo para axudar as entidades locais que así o soliciten ante as dificultades contrastadas, técnicas e económicas, que teñen moitos municipios para prestar axeitadamente e con eficacia estes servizos municipais, que inciden na calidade das augas, no medio natural, na saúde das persoas e en actividades económicas como a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou o turismo.

A Comunidade galega experimentou un salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, ao cal contribuíu, en gran medida, a mobilización por parte da Xunta de máis de 1.100 millóns de euros desde 2009 na execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio aos municipios no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos incidiron na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia pero é preciso tamén unha boa xestión e mantemento desas infraestruturas, que permita prestar os servizos con calidade e eficacia.

Xestión profesionalizada e economías de escala

Agora, o novo marco regulatorio que impulsa a Xunta busca dar un paso máis no camiño da correcta xestión do ciclo integral da auga apostando pola integración de servizos e pola xestión profesionalizada e especializada das infraestruturas e servizos asociados, partindo do coñecemento minucioso dos sistemas e da ordenación completa das súas instalacións.

Ademais, apostarase pola xestión agrupada das infraestruturas e a aplicación de economías de escala, que implica menores custos derivados da optimización de materiais, equipos e persoal, permitindo aforros do 10 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Regular e ampliar o apoio aos concellos

A día de hoxe, en Galicia conviven distintos modelos de xestión da auga, desde a xestión municipal dos propios sistemas; consorcios, mancomunidades e sociedades supramunicipais, a depuradoras que son xestionadas directamente por Augas de Galicia, como axuda aos concellos nas súas competencias municipais, 28 na actualidade.

O novo modelo regula o apoio da Xunta aos concellos, dándolles a oportunidade a todos aqueles que así o soliciten, de forma voluntaria, de encomendar a xestión dos seus servizos á Xunta. Ademais de ampliar e reforzar ese apoio a todas as entidades locais que así o queiran, a lei ofrece a posibilidade de estender ese apoio para xestionar as depuradoras, pero tamén os colectores, algo que ata agora non era posible, e os sistemas de abastecemento "en alta".

A nova norma implica, polo tanto, igualdade de trato a todos os municipios, cun modelo único e prezos homoxéneos e xustos no conxunto da Comunidade.

Neste sentido, a lei está en liña co Pacto local da auga asinado coa FEGAMP, coa participación activa dos concellos e das deputacións provinciais, para o impulso dun instrumento público e integral de todo o ciclo da auga, con solvencia técnica, tarifas igualitarias e homoxéneas en todo o territorio e con posibilidades de vías de financiamento para a realización de investimentos baseados en criterios técnicos.

Apoio económico da Xunta para o financiamento das actuacións necesarias

Naqueles concellos que soliciten que a Xunta asuma a xestión dun dos seus sistemas do ciclo da auga, a Administración autonómica realizará unha auditoría completa do sistema co fin de coñecer a fondo o seu funcionamento. No caso de que se estime necesario executar determinadas obras, a Xunta financiará un terzo do custo das actuacións necesarias.

Con carácter xeral, os concellos, como titulares das infraestruturas, deberán achegar o outro terzo dos investimentos necesarios.

En prol de facilitar os acordos e ofrecer unha maior flexibilidade, déixase aberta a fórmula para o resto do financiamento e os concellos serán os encargados de buscar ese outro terzo restante no momento da sinatura dos acordos. Deste xeito, os concellos poderán decidir se eles mesmos financian ese outro terzo da actuación ou se acadan o apoio doutras administracións, como as deputacións provinciais ou as confederacións hidrográficas estatais, como a do Miño-Sil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións nas redes e directrices elaboradas por Augas de Galicia

Priorizaranse as actuacións nas redes co fin de limitar as infiltracións de augas brancas e as verteduras contaminantes, así como a mellora da eficiencia enerxética das instalacións, co fin de aumentar a eficiencia dos sistemas.

Trátase de reducir as fugas das redes de abastecemento municipal, que en ocasións superan o 40 %, e de evitar as infiltracións de augas de chuvia, de mar ou dos ríos, que supoñen ineficiencias nos sistemas de saneamento e depuración, causando gran parte das 263 verteduras que aínda soportan as rías galegas.

Ademais, de cara a facilitar o exercicio das competencias municipais en materia de augas, a Xunta porá á disposición de todos os concellos directrices técnicas que lles axuden nestas tarefas.

Aguas de Galicia elaborará, concretamente, 4 directrices técnicas: para o control de verteduras; para o saneamento e depuración de pequenos núcleos de poboación, aglomeracións urbanas de menos de 2.000 habitantes, fomentando o emprego de procesos de depuración extensivos cun baixo consumo enerxético e de reactivos; para mellorar a xestión das augas pluviais e reducir a entrada de augas brancas nas redes de saneamento; e para o fomento da eficiencia enerxética das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración.

Reordenación dos tributos existentes

Co fin de garantir a viabilidade económica e financeira na xestión da auga e permitir a recuperación dos custos dos servizos, garantindo a súa viabilidade e a aplicación dos principios de "quen usa, paga" e "quen contamina, paga", a lei reordena os tributos existentes, cunha denominación máis acorde ao seu obxecto, pero sen crear novas taxas que repercutan nos usuarios, preservando e garantindo a potestade tributaria dos municipios.

Polo tanto, non se afectan as tarifas municipais e os concellos son os que teñen e seguirán a ter capacidade de decisión sobre o recibo final dos seus servizos municipais, entre eles, o recibo da auga.

Tramitación da lei

Durante todo o procedemento de tramitación desta lei, que completa o corpo normativo en materia de augas, a Xunta promoveu unha participación pública real e efectiva. O anteproxecto foi sometido ao trámite de consulta pública e audiencia, publicouse no portal de transparencia e goberno aberto da administración autonómica e foi remitido a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

todas as administracións, corporacións e entidades interesadas, ampliándose ata en dúas ocasións o período de consultas públicas.

Durante a tramitación do texto normativo emitíronse os informes preceptivos, o Consello Reitor de Augas de Galicia foi informado sobre o texto do anteproxecto de lei, que tamén foi obxecto do ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, emitido por maioría absoluta e sen votos en contra.

Tras recibir o visto e prace do Consello da Xunta, o proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga inicia agora o seu trámite parlamentario co obxectivo de que resulte definitivamente aprobado no presente período de sesións e que poida entrar en vigor o vindeiro verán.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS COMUNIDADES DE VECIÑOS DE EDIFICIOS CATALOGADOS DISPORÁN DE TRES ANOS PARA PRESENTAR O INFORME DE AVALIACIÓN

- A Consellería de Medio Ambiente tramitou unha modificación do Decreto en que se regula esta ferramenta para equiparar este prazo co do resto de edificios que teñen 50 anos ou máis
- Esta decisión está apoiada polo pleno do Observatorio Galego da Vivenda, onde se debateu a solicitude dos colexios profesionais e dos concellos, ante as dificultades das comunidades de propietarios para chegar a acordos por mor da COVID-19

A Xunta establecerá un período de tres anos para que as comunidades de veciños de inmobles catalogados poidan presentar o informe de avaliación de edificio (IAE), no que se acredite o estado de conservación, a accesibilidade e a eficiencia enerxética; polo que, ademais de ampliarse en 24 meses o prazo de presentación, se equipara ao establecido para o resto de edificios de 50 anos ou máis.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda impulsou unha modificación do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia, que o Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá.

Deste xeito, amplíase dun ano a tres o prazo inicial para que os inmobles catalogados que teñan medio século de antigüidade ou máis poidan cumprir coa obriga de presentar o devandito informe.

A decisión da Consellería de Medio Ambiente está xustificada polas dificultades das comunidades de propietarios para reunirse e acadar os acordos necesarios para proceder á elaboración e presentación do IAE, por mor das limitacións fixadas para a celebración de xuntas veciñais a raíz da COVID-19.

Estas incidencias foron trasladadas polo Colexio de Arquitectos de Galicia, o Consello Galego de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, o Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, así como por algún concello, e debatidas nun pleno do Observatorio Galego da Vivenda, que concluíu a necesidade de impulsar unha ampliación do prazo, á vista de que os propietarios non terían capacidade para dar cumprimento a esta obriga antes do 20 de maio de 2022, a data límite inicial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a modificación do decreto tamén foi sometida a consulta pública, avalada polo Consello Consultivo e agora, aprobada polo Consello da Xunta, como paso previo á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para entrar en vigor.

O informe de avaliación de edificios, así como o seu rexistro —medida recollida na Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia— é un instrumento deseñado pola Xunta para acreditar o estado de conservación, a accesibilidade e a eficiencia enerxética dos inmobles residenciais, de carácter obrigatorio para todos aqueles edificios de tipoloxía de vivenda colectiva que teñan 50 anos ou máis, carezan de declaración firme de ruína, e con independencia de que neles existan outros usos distintos ao residencial.

O IAE ten unha vixencia de 10 anos desde o momento da sinatura e as renovacións realizaranse, en todo caso, antes do 31 de decembro do último ano en vigor. Aínda que é un trámite obrigatorio con carácter xeral para todos os inmobles residenciais de vivenda colectiva con 50 anos ou máis, tamén será aplicable a aqueles cunha antigüidade inferior, sempre que así o determine a normativa municipal.

En todo caso, existen dous supostos en que non é necesario presentar o IAE: os edificios que contén cunha declaración firme de ruína, que quedan exentos; e aqueles que teñan un certificado de inspección técnica de edificación (ITE), que só deberán completar a parte destinada á accesibilidade e eficiencia enerxética.

Por último, a Xunta aproveita para reiterar a posibilidade de que os concellos poidan fixar un calendario propio, cun prazo máis curto —sen superar en ningún caso o máximo de tres anos—, para a presentación dos informes daqueles inmobles que no momento de entrada en vigor do decreto —20 de maio de 2021— xa tivesen medio século de antigüidade ou máis.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSULTIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO CENTRALIZARÁ AS CONSULTAS SOBRE ESTE EIDO DE TODAS AS ENTIDADES E ORGANISMOS

O Decreto polo que se crea e regula esta entidade, que substituirá a Comisión superior de urbanismo, acada a súa aprobación no Consello da Xunta, tras a súa valoración por parte do Consello Consultivo

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda avanza o último paso para a posta en marcha da Xunta consultiva de ordenación do territorio e urbanismo, entidade que centralizará e divulgará todas as consultas sobre este eido que trasladen á Administración autonómica todas as entidades e organismos.

Este órgano virá a substituír a actual Comisión superior de urbanismo de Galicia, co fin de facilitar aos distintos operadores técnicos e xurídicos que traballan neste eido o desenvolvemento das súas funcións, ao tempo que se contribúe á axilización dos diferentes expedientes administrativos necesarios para obter un permiso, autorización ou licenza.

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se crea e regula este ente, tras o visto e prace do Consello Consultivo. O último chanzo será a súa inminente publicación no *Diario Oficial de Galicia* para que, no prazo dun mes, entre en vigor o organismo.

A Xunta consultiva tamén terá funcións de asesoramento e emisión de ditames sobre a aplicación e interpretación da normativa sectorial vixente, podendo ser consultada a este respecto tanto pola propia Administración autonómica e organismos dependentes como polas entidades locais, colexios profesionais e organizacións empresariais de sectores afectados polo urbanismo e a ordenación territorial.

A complexidade da materia, a crecente demanda por parte das administracións públicas e colectivos profesionais dun órgano específico para prestar asesoramento e tutela á hora de interpretar e aplicar a normativa vixente en materia de urbanismo, así como a entrada en vigor da Lei de ordenación do territorio son tres das razóns en que se apoia a Xunta para apostar pola posta en marcha deste novo organismo de consulta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA PARA O PERÍODO 2022-2024 O SEU COMPROMISO COA CÁTEDRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- A través de Turismo de Galicia, o Goberno galego subvencionará esta cátedra institucional da Universidade de Santiago con 90.000 €
- O convenio asínase entre a Xunta a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I Catedral de Santiago
- Repartido en anualidades de 30.000 euros, o investimento permitirá sufragar o funcionamento da cátedra a través do impulso de actividades académicas, científicas e culturais vencelladas coa cultura xacobeá e o fenómeno da peregrinación do Camiño

O Consello da Xunta autorizou a renovación da subscrición do convenio de colaboración para o desenvolvemento da cátedra do Camiño de Santiago e as peregrinacións para os vindeiros tres anos coa finalidade de seguir impulsando a investigación, a docencia e a difusión do fenómeno xacobeo. A colaboración asinada entre o Goberno galego, a través de Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I Catedral de Santiago traducirase nun investimento total de 90.000 euros, repartidos en tres anualidades de 30.000 euros.

A través desta dotación sufragarase as actividades da cátedra como a realización de publicacións e xornadas de divulgación relacionados, a potenciación de novas liñas de investigación ou a subvención de prácticas en empresas e premios para traballos de investigación no campo do Camiño de Santiago e a peregrinación á tumba do Apóstolo, ademais de asegurar o funcionamento da propia cátedra.

A cátedra do Camiño de Santiago e as peregrinacións da USC creouse en 2016 en virtude dun convenio entre as tres partes implicadas co compromiso de impulsar o desenvolvemento de actividades académicas, científicas, culturais, de comunicación e de I+D nas diferentes ramas de coñecemento vencelladas co Camiño. A través dela, e co compromiso de impulso económico por parte da Xunta de Galicia, que se traduciu nun investimento ata agora de 160.000 euros, vense creando un fondo bibliográfico e documental sobre a materia e procurando a difusión e promoción da cultura xacobeá, tamén no ámbito da investigación científica universitaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O SEU CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA PARA ACOMPAÑAR OS PROFESIONAIS NO PROCESO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe un contrato que permitirá ampliar as capacidades de atención aos máis de 4.000 empregados do eido xudicial e a xestión dos medios tecnolóxicos de 272 órganos xudiciais, 12 fiscalías, 45 rexistros, civís, 270 xulgados de paz e o Imelga
- Entre as novidades que incorpora o contrato está a prestación dun servizo estendido de soporte *in situ*, con persoal desprazado nas sedes xudiciais para a asistencia técnica, resolución de incidencias e de consultas sobre aplicacións
- Reforzará a coordinación do ciclo de implantación e mantemento dos sistemas e medios tecnolóxicos de xustiza
- Abordará a definición de estratexias de mellora do servizo a medio e longo prazo e accións de mellora operativa máis a curto prazo no que respecta á organización
- É unha das medidas recollidas no III Plan Senda 2025, que conta cun investimento de 43 millóns de euros, para garantir unha relación telemática coa xustiza, tanto por parte dos cidadáns como para calquera axente implicado nas distintas fases dun procedemento xudicial

A Xunta avanza nas medidas recollidas no III Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia, Senda 2025, coa autorización dun contrato que permitirá abordar a liña 10.3 deste plan, a mellora continua ás persoas usuarias do eido xudicial e a xestión do sistemas e servizos dixitais, adaptadas ao proceso de consolidación dos servizos dixitais que establece o plan.

O novo contrato que se publicará nos vindeiros días, cun investimento estimado de 7,6 millóns de euros (prórrogas incluídas) ofrecerá aos máis de 4.000 profesionais do ámbito xudicial un punto de interlocución único a través do Centro Integral de Servizos ás persoas usuarias dos sistemas e tecnoloxías da Administración de xustiza en Galicia, centralizando as consultas, incidencias e peticións de servizo; ademais, abordará un novo modelo de atención *in situ* e xestionará a implantación e actualización das aplicacións e sistemas neste ámbito.

Entre as novidades que incorpora o contrato está a prestación dun servizo estendido de soporte *in situ*, con persoal desprazado nas sedes xudiciais e con funcións de asistencia técnica, resolución de incidencias e de consultas sobre aplicacións. Ademais, establece un servizo de garda e atención continuada para garantir un servizo 24x7.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O contrato abrangue, tamén, a coordinación do ciclo de implantación e mantemento dos sistemas e medios tecnolóxicos de xustiza, ademais do proceso de instalación, e configuración dos distintos medios audiovisuais existentes na Administración de xustiza de Galicia.

Outros servizos incluídos no novo contrato son a xestión continuada de parque de medios tecnolóxicos no posto de traballo así como a coordinación cos equipos técnicos provedores de aplicacións como os do Ministerio de Xustiza, os do Consello Xeral do Poder Xudicial e da propia Administración pública de Galicia. O contrato permitirá tamén a definición de estratexias de mellora do servizo a medio e longo prazo, así como accións de mellora operativa máis a curto prazo no que respecta á organización e procedemento de xestión dos medios tecnolóxicos.

Servizo para todos órganos xudiciais, fiscalías, rexistros civís e xulgados de paz

O contrato autorizado hoxe dará servizo a toda a Administración xudicial galega que inclúe 272 órganos xudiciais, 12 fiscalías, 45 rexistros civís e 270 xulgados de paz, 7 subdireccións territoriais do imelga, colectivos profesionais, que se organizan en 45 partidos xudiciais, 56 sedes xudiciais. Isto implica a atención a 4.000 profesionais e a xestión de 4.400 postos informáticos, máis de 2.500 equipamentos de impresión, 200 puntos de videoconferencia e 203 salas con equipamento multimedia. O Centro de Atención ao Usuario do eido xudicial atende cada mes unha media de 2.000 peticións de servizo, 2.100 incidencias e en conxunto 7.400 contactos.

O proceso de dixitalización provocou un uso cada vez máis intensivo dos servizos dixitais o que require unha atención cada vez máis especializada. Na última década Galicia reforzou as infraestruturas tecnolóxicas no eido xudicial, implantando os sistemas de xestión procesual para xuíces, letrados, empregados públicos e fiscais, a sinatura dixital en todos os órganos xudiciais, que rexistran unha media de 20.000 rúbricas electrónicas ao día. Cada ano Galicia rexistra máis de 7.000.000 millóns de comunicacións con Lexnet.

Plan Senda 2025

A mellora da atención ás persoas usuarias dos sistemas da Administración de xustiza en Galicia é unha das medidas do III Plan tecnolóxico da Administración da xustiza en Galicia, Senda 2025. A través de dez liñas de traballo, o Plan impulsará a plena relación telemática dos cidadáns e dos axentes implicados coa xustiza, a consolidación dun expediente xudicial electrónico interoperable e accesible, a implantación da estratexia do dato, a capacitación dixital avanzada dos profesionais da xustiza e o reforzo da ciberseguridade.

O orzamento do Plan Senda 2025 recolle un investimento 43 millóns de euros en cinco anos, o que supón un incremento do 68 % respecto do investimento dos dous plans

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anteriores, Senda 2014 e Senda 2020, que mobilizaron 50 millóns de euros en dez anos para avanzar na dixitalización da xustiza galega.

Ademais, puxéronse en marcha todas as pezas do expediente xudicial electrónico, no que xuíces, letrados e fiscais poden consultar en liña máis de 11 millóns de procedementos e 36 millóns de documentos. Galicia é da primeiras comunidades en poñer en marcha a Sede Electrónica xudicial, e implantou unha rede de videconferencias con máis de 190 equipos que dan servizo a todos os órganos xudiciais e xa conta con 77 salas de vistas integramente dixitais.

O Plan Senda 2025, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) alíñase coas estratexias estatais e autonómica, o Plan Xustiza 2030 e a Estratexia Galicia Dixital 2030 para consolidar a transformación dixital da Xustiza

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030 PREVÉ REDUCIR A RATIO DEBEDA/PIB EN CINCO PUNTOS NESTA DÉCADA, ATA O ENTORNO 13 %

- Galicia estará en disposición de recuperar a estabilidade orzamentaria a partir do ano 2025
- O Plan estratéxico recolle dúas grandes prioridades: un crecemento medio do PIB de entre o 2 % e o 2,5 % anual, por riba da media de España e que cara ao ano 2030 o paro baixe ata o entorno 8 %
- O Plan estrutúrase arredor de cinco eixes, 21 prioridades, e 70 obxectivos estratéxicos con máis de 140 indicadores de resultado
- Os cinco eixes do novo plan son o reto demográfico, Galicia verde e sustentable, competitividade e crecemento, cohesión social e territorial, e gobernanza
- Ademais, ten o obxectivo de acadar 10 metas no ano 2030 entre as que destacan o reforzo da saúde e calidade de vida, consolidar o sistema educativo entre os mellores de España, potenciar o peso do sector industrial ou favorecer unha Galicia dixital e innovadora

O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 prevé que Galicia estará en disposición de recuperar a estabilidade orzamentaria a partir do ano 2025 e deixar de ter que recorrer ao endebedamento. Así, Galicia reducirá a ratio débeda/PIB en cinco puntos nesta década, ata o entorno do 13 %.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan estratéxico 2022-2030 que recolle dúas grandes prioridades: o crecemento económico sustentable e o emprego. Neste sentido, o Plan prevé unha evolución positiva do PIB ao longo da década cun crecemento medio sostido de entre o 2 e o 2,5 % anual, por riba da media de España. A achega do Plan sobre o escenario base será arredor dos dous puntos adicionais ao crecemento do PIB.

En canto á taxa de paro, a Xunta estima que nunha década se reduza catro puntos e que cara ao ano 2030 baixe ata o entorno do 8 %. A achega do Plan estratéxico será dun punto. A meta é crear as condicións para a creación de máis e mellor emprego, aumentando a cualificación e a produtividade.

Obxectivos

Os obxectivos xerais do Plan son acadar unha recuperación sustentable, resistente e inclusiva; deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico; acadar unha Galicia máis sustentable e climaticamente neutra; promover unha sociedade innovadora, moderna, competitiva, solidaria e cohesionada; favorecer os valores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento, e garantir unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno galego a medio prazo.

Neste marco, o Plan estratéxico 2022-2030 conta con cinco eixes, 21 prioridades de actuación, e 70 obxectivos estratéxicos con máis de 140 indicadores de resultado e é coherente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e cos obxectivos políticos e específicos dos programas operativos 2021-2027.

Os eixes do Plan

Os cinco eixes estratéxicos do Plan son o reto demográfico (eixe 1); Galicia verde e sustentable (eixe 2); competitividade e crecemento (eixe 3); cohesión social e territorial (eixe 4); e gobernanza (eixe 5).

As prioridades do eixe 1 (reto demográfico) son o emprego de calidade con medidas de conciliación da vida familiar e laboral; a atención ao benestar apostando pola mellora dos servizos de atención ás necesidades das familias e, en especial, dos maiores; a vivenda accesible, sobre todo para os máis novos, e a protección da saúde e a procura da mellora continuada duns servizos de saúde máis modernos e próximos ao cidadán.

O eixe 2 –Galicia verde e sustentable– busca o progreso a través das oportunidades que ofrece a transición cara a unha economía baixa en carbono, a mobilidade sustentable, e tamén unha resposta integral fronte ao cambio climático e a xestión sustentable do patrimonio natural.

O eixe 3 de competitividade e crecemento inclúe entre as súas prioridades de actuación consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D; impulsar unha sociedade dixital que favoreza o pleno acceso ás novas tecnoloxías; o fomento do emprendemento e do investimento que propicien o mantemento e a creación de novas empresas, atraer investimento e facilitar a internacionalización; as infraestruturas produtivas cun impulso á conectividade, a través de redes TIC e enerxéticas que vertebran o territorio; un sector primario moderno e competitivo como mellor garantía para apegar poboación ao territorio e o turismo sustentable para reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como un destino competitivo que aposte por proxectos de alto valor engadido.

O eixe 4 de cohesión social e territorial recolle como prioridade a educación de calidade cun modelo que atende todas as necesidades; a igualdade e inclusión social para promover a inclusión das persoas en situación de vulnerabilidade e loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades; a cohesión territorial para dinamizar a vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial; e a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade.

Finalmente, o eixe 5 de gobernanza afondará no reforzo do autogoberno e a cooperación entre administracións cunha organización pública que traballe en rede buscando a participación efectiva dos diferentes niveis de goberno e institucións públicas; nas finanzas sustentables e na mellora dos servizos públicos cunha boa administración que avance na xeración de valor engadido ao cidadán baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, acadando uns servizos públicos accesibles, sinxelos e áxiles.

Metas

O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 ten o obxectivo de acadar 10 grandes metas no ano 2030: converxencia, máis e mellor emprego, reforzar a saúde e calidade de vida, consolidar o sistema educativo entre os mellores de España, avanzar cara a neutralidade climática, aumentar o peso das enerxías renovables, potenciar o peso do sector industrial, favorecer unha Galicia dixital e innovadora, continuar reducindo o risco de exclusión social e garantir unha Galicia sen fendas de xénero.

En canto á converxencia en renda bruta, en 2030 Galicia acadará a converxencia plena con España en termos de renda bruta dispoñible *per cápita* dos fogares. No emprego, o obxectivo é aumentar un 10 % a taxa de ocupación ata o 74 % e reducir en catro puntos a taxa de paro, ata o 8 %.

Na meta de saúde e calidade de vida, a Xunta propónse aumentar de 18 a 23 os anos de vida saudable a partir dos 65; incrementar ata 26.080 o número de prazas residenciais de atención a persoas maiores; e que os tempos medios de espera estrutural cirúrxica e de consulta diminúan un 30 % e un 27 % respectivamente.

En canto ao sistema educativo, Galicia busca seguir reducindo outros 5,5 puntos a taxa de abandono temperán ata o 6,5 %, mellorando o rendemento educativo do alumnado medido por PISA; acadar un 45 % da poboación de 25 a 64 anos con educación superior; e obter unha taxa de cobertura escolar de 0 a 3 anos do 60 %, con financiamento público.

Ademais, o obxectivo do Goberno galego é avanzar cara unha Galicia climaticamente neutra reducindo as emisións efecto invernadoiro ata o 55 % respecto a 1990, que equivale a unha diminución do 64 % en relación a 2005. Tamén debe aumentar o peso das enerxías renovables no mix produtor incrementando ata o 85 % a porcentaxe de enerxías renovables na xeración de enerxía eléctrica e ata o 58 % a porcentaxe de enerxías renovables no consumo de enerxía final.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se aumentará o peso do sector industrial e mellorará a competitividade coas metas de incrementar o valor das exportacións ata o 45 % do PIB, 10 puntos máis que na actualidade; e ampliar o tamaño das pemes un 15 %, mellorando a súa competitividade.

Por outro lado, a Xunta quere favorecer unha Galicia dixital e innovadora e para impulsar este obxectivo inclúese duplicar o gasto en I+D ata situarse próximo ao 2 % do PIB; ou que o 90 % da poboación adulta empregue a súa competencia dixital.

Finalmente, a meta de redución do risco de exclusión social inclúe o obxectivo de diminuír a taxa de risco de pobreza e exclusión social ata o 14 %; e a meta de lograr unha Galicia sen fendas de xénero recolle unha equiparación das taxas de ocupación femininas e masculinas.

En definitiva, o Plan estratéxico 2022-2030 é máis que un plan de Goberno, pois é unha estratexia para todas as galegas e galegos, que foi amplamente consensuado coa sociedade civil durante tres roldas de participación de expertos e representantes de todos os sectores produtivos, e que será remitido ao Parlamento para o seu debate.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO TANQUE DE TORMENTAS DO RÍO PONTIÑAS E DOS COLECTORES DE LALÍN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,7M€

- A Xunta licitará nas vindeiras semanas os traballos, que comezarán a principios do vindeiro ano 2023, cun prazo de execución de 12 meses
- A obra está identificada no Plan director de saneamento local como unha das actuacións prioritarias para a mellora do saneamento e depuración do núcleo urbano
- Executarase un tanque de tormentas no río Pontiñas e melloraránse os colectores co fin da aumentar a capacidade de xestión das augas residuais e minimizar as verteduras
- Inclúese a integración paisaxística na contorna do tanque de tormentas, coa disposición dun parque infantil, con elementos de xogo que lembren o cocido, prato e emblema cultural representativo do municipio
- O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer de xeito eficiente as súas responsabilidades de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de mellora do saneamento do núcleo urbano de Lalín, que suporán un investimento autonómico de máis de 6,7 millóns de euros e que prevén a execución dun tanque de tormentas no río Pontiñas e novos colectores.

Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitará estas obras, que se prevé comezar a principios do vindeiro ano 2023.

Os traballos terán un prazo de execución de 12 meses e están identificados como prioritarios no Plan director de saneamento do núcleo de Lalín impulsado pola Xunta, para mellorar o funcionamento da rede de saneamento municipal, reducindo o número e volume de verteduras.

A execución dos traballos será financiada integramente polo Goberno galego e contará co cofinanciamento da Unión Europea, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

As obras obxecto de contratación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxecto das obras cuxa contratación se autorizou hoxe, consisten na renovación da rede de saneamento do núcleo urbano de Lalín para dotalo dun maior volume de almacenamento, mediante novos colectores interceptores e a construción dun tanque de tormentas.

Cos datos e as conclusións recompiladas durante a redacción do Plan director de saneamento local, determinouse a necesidade de aumentar a capacidade dos colectores das marxes do río Pontiñas e a inserción na rede dun tanque de tormentas que permita a regulación do sistema durante os episodios de choiva. Estas dúas actuacións considéranse necesarias para reducir e minimizar as verteduras de auga sen tratar ao medio, que adoitan acontecer en episodios de choiva.

A intervención na rede de colectores interceptores céntrase na execución de 4 treitos principais, con diámetros desde 400 mm a 2.000 mm, e pequenos treitos de entroncamento para a conexión coa rede existente. Tamén se diseña un alivio desde o tanque de tormentas e unha conducción de baleirado do tanque. Esta última funcionará por gravidade e conectarase á rede de saneamento existente conducindo o caudal ata a depuradora de Lalín.

É dicir, executaranse os novos colectores das marxes esquerda e dereita do río Pontiñas; o colector que recolle as augas residuais da zona sur para conducilas ao tanque de tormentas, e, por último, o colector que recolle a rede de saneamento da parroquia de Donramiro.

En canto á construción do tanque de tormentas a estrutura estará semisoterrada e deseñada para un volume de retención de 5000 m³. O tanque baleirarase por gravidade para o que se instalará unha válvula vórtex, en cámara semiseca, que limitará o caudal máximo permitido pola futura ampliación da estación depuradora de augas residuais para esta bacía do río Pontiñas.

Construirase un edificio auxiliar, no que se instalará un pretratamento inicial con pozo de grosos e reixas de desbastamento, que recibirá todo o caudal de chegada. O aliviadoiro disporá dun tamiz con paso de sólidos de 6 milímetros, deste xeito o caudal aliviado desde o tanque recibirá un pretratamento antes da súa vertedura.

Integración paisaxística

A actuación prevé, ademais, que o propio tanque de tormentas estea integrado paisaxisticamente, coa disposición dun parque infantil e a plantación de árbores e arbustos na contorna.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para humanizar a superficie de formigón xerada pola construción do tanque de tormentas, prevese a disposición do parque infantil con elementos de xogo que lembren o cocido, prato e emblema cultural representativo do municipio.

No proxecto deseñado pola entidade hidráulica da Xunta inclúese a execución dunha zona de xogos para os máis pequenos, cunha tirolina a continuación da que se disporá un túnel de rede con forma de chourizo, ademais dunha gaiola de rede con forma de porco. Este elemento está deseñado para poder practicar diferentes actividades no seu interior: xogos de pelota, labirinto de cordas, paredes trepadoras, barra de bombeiros, redes, tobogán etc. A estrutura tamén presenta aberturas en diferentes puntos e a distintas alturas do seu enreixado que facilitan a entrada e saída dos nenos ao xogo.

A zona escavada, que logo se enche para a execución do tanque de tormentas, reporase coa extensión dunha capa de terra vexetal de 30 centímetros de espesor e sementa manual. Tamén se plantarán especies arbóreas autóctonas na contorna do tanque.

Ademais, habilitarase unha vía de acceso ao edificio auxiliar do tanque de tormentas, formada por una capa de saburra artificial, ao que se accederá a través das sendas do parque do río Pontiñas, de uso exclusivo dos vehículos de mantemento do parque e do tanque de tormentas.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer, de xeito eficiente, as súas responsabilidades de saneamento, abastecemento e depuración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PROXECTOS APOIADOS POLAS AXUDAS DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DA XUNTA EN 2020 E 2021 TIVERON UN RETORNO ECONÓMICO DE MÁIS DE 26M€

- As convocatorias do Goberno galego nos dous últimos exercicios beneficiaron con cinco millóns de euros a 31 produtoras galegas que impulsaron 42 obras
- O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación da liña de apoio para 2022 dotada con 2,5 M€
- Trátase da principal liña de investimento dentro do programa anual de axudas ao audiovisual galego, que se reforza coas iniciativas do Hub Audiovisual ata alcanzar uns 7,3M€ entre todas as convocatorias dirixidas ao sector en 2022
- Incorporáanse como novas modalidades de proxectos subvencionables as coproducións de participación minoritaria e as series documentais

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación, en réxime de concorrència competitiva, da convocatoria de subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego para 2022 cunha dotación de 2,5 millóns de euros. Trátase da principal liña de investimento directo no sector do programa anual de axudas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que nos dous últimos exercicios beneficiou 42 obras de 31 produtoras galegas conseguindo un retorno económico de máis de 26M€.

Ademais, durante o período 2021-2023 este programa de fomento para acompañar economicamente ás empresas en todo o proceso audiovisual: promoción do talento na creación, preproducción, produción, difusión e comercialización, complementábase coas diferentes iniciativas postas en marcha pola Xunta ao abeiro do Hub Audiovisual da Industria Cultural, de xeito que este ano as convocatorias de ambas vías de apoio sumarán unha inxección duns 7,3 millóns de euros en adxudicacións a produtoras, festivais ou creadores, que redundará nunha maior competitividade do sector a todos os niveis.

Trátase de dúas orixes de fondos diferenciadas, pero complementarias nos seus obxectivos, a través das que o Goberno galego atenderá non só as necesidades máis inmediatas das empresas, senón que tamén contribuirá a sentar as bases para a consolidación e impulso do sector a medio e longo prazo.

Vínculos estratéxicos

As subvencións a producións e coproducións audiovisuais diríxense especificamente a produtoras audiovisuais independentes para diferentes modalidades de proxectos para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cinema e televisión (longametraxes, curtametraxes e series de ficción, animación e documentais), aos cales este ano se incorporan dúas novas categorías. Dunha banda, unha modalidade para longametraxes cinematográficas en coprodución internacional con participación minoritaria española, a través da que se busca incentivar a participación de empresas galegas en proxectos internacionais liderados por produtoras estranxeiras e favorecer, neste sentido, o establecemento de vínculos estratéxicos baseados na alternancia no liderado. Doutra, unha subcategoría para series documentais, en resposta á crecente demanda deste tipo de produtos, fundamentalmente polas plataformas de vídeo baixo demanda.

Ao tempo, mantéñense as modificacións realizadas en 2021 para unha mellor adaptación das condicións de xustificación aos períodos e procesos de produción das empresas do sector, así como as novas intensidades de axuda que permiten financiar ata o 80 % do orzamento subvencionable en determinados tipos de proxectos, como os rodados integramente en versión orixinal galega, os realizados por mulleres, os de dirección novel, os dirixidos por profesionais con discapacidade, as curtametraxes ou os documentais, entre outros.

Neste sentido, as bases buscan proporcionar un equilibrio para resultar accesibles tanto ás propostas máis ambiciosas respecto ao seu deseño de produción e orzamento como a outras máis modestas, pero de gran interese artístico e cultural.

Efecto multiplicador

Ademais, os resultados obtidos a partir das convocatorias de anos anteriores confirman o efecto multiplicador destas axudas a través do apoio a proxectos cada vez máis competitivos en canto á captación do investimento, os valores de produción e o público obxectivo. A través das axudas á produción e coprodución de 2020 e 2021, 31 produtoras galegas resultaron beneficiarias dun total de cinco millóns de euros para 42 obras audiovisuais, cuxos orzamentos globais suman máis de 26 millóns de euros (10,6 millóns en 2020 e 15,7 millóns en 2021).

Este dinamismo da industria queda patente na evolución e repercusión mediática dos proxectos subvencionados nos dous anos anteriores, dos cales xa se atopan en exhibición ou a piques de ser estreadas longametraxes como *Malencolía* (Maruxiña Film Company), de Alfonso Zarauza; *Código Emperador* (Vaca Films), de Jorge Coira, que a vindeira semana inaugurará o Festival de Málaga; *Matria* (Matriuska Producciones), de Álvaro Gago; *Unicorn Wars* (Unicorn Wars AIE), de Alberto Vázquez; *La Parra* (Filmika Galaica), de Alberto Gracia, e *Sica* (Miramemira), de Carla Subirana, ou series como *Operación Marea Negra*, de Ficción Producciones para Prime Video e *O diario de Alicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os criterios de selección dos proxectos subvencionados están moi relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, pero tendo en conta ao mesmo tempo a calidade dos contidos e o seu potencial de circulación a nivel estatal e internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS BASES DAS SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS DE MÚSICA E ESCENA CUN ORZAMENTO DE 550.000 EUROS

- A dotación para encontros musicais incrementábase un 3 % e sitúase en 350.000 euros; en tanto que os escénicos manteñen a contía de 200.000 euros distribuída en 2021
- Como novidade, a actual convocatoria reformula os niveis mínimos de contratación artística respecto aos orzamentos subvencionables
- Dáselle continuidade á principal liña de apoio a estes eventos profesionais para progresar nos valores de actividade e de emprego previos á pandemia

O Consello da Xunta aprobou hoxe as novas bases das subvencións a festivais profesionais de música e de artes escénicas cunha dotación de 550.000 euros, o que supón incrementar 10.000 á contía de 2020 para apoiar estes eventos, considerados estratéxicos nos seus ámbitos, e para ir adecuando os requisitos para acadar e mesmo superar os niveis de actividade anteriores á pandemia.

Así, como xeito de axilizar a achega de liquidez para a posta en marcha destas citas culturais e grazas á autorización específica do Goberno galego, mantense a exención de constituír garantía por parte das entidades adxudicatarias que soliciten anticipos da axuda concedida, unha das medidas introducidas xa o ano pasado, ao igual que reservar ao ámbito empresarial privado a concorrência no caso concreto dos festivais de música. Como novidade, a actual convocatoria reformula os distintos niveis mínimos de contratación artística respecto aos orzamentos subvencionables.

Entre as características exixidas en común ás dúas categorías están que todos os festivais beneficiarios deben celebrarse entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro deste ano, ter realizado dúas edicións anteriores e programar un mínimo de seis grupos de música ou de seis compañías de teatro. Adicionalmente, os eventos de música teñen que desenvolverse dentro dun único período de 15 días (dous deles consecutivos), o seu orzamento mínimo de contratación artística será o 30 % do subvencionable e o 80 % dos concertos ofertados teñen que ser de pago. Pola súa banda, aos de artes escénicas pídaselles un orzamento mínimo de contratación artística que acade o 40 % (dentro do que o 30 % ten que destinarse a artistas que desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia), ou que o mínimo do 60 % da carteleira ten que ser de pago por parte do público, excepto nos festivais de rúa.

Distribución por subsectores

Dos 550.000 euros dispoñibles, 350.000 resérvanse a encontros musicais, o que supón un aumento de 10.000 euros respecto a 2021, como resposta á súa recuperación progresiva en canto aos formatos presenciais e os niveis de cabida de público anteriores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ás restricións impostas pola crise sanitaria. Este apoio complementarase co ofrecido a través da marca FEST Galicia, creada pola Xunta para colaborar dun xeito especial no marco do Xacobeo 21-22 con eventos que funcionan de xeito profesional e que se preocupan por achegarlle valores engadidos á experiencia musical, ademais de servir de plataforma de difusión á marca Galicia e ás actividades de celebración do dobre Ano Santo.

Para os festivais de artes escénicas mantense a dotación de 200.000 euros consignada en 2021, ano en que esta xa experimentara un ascenso do 5 % respecto a 2019. Á listaxe de adxudicatarios resultante engadiranse outros dous eventos que obterán financiamento a través do Plan anual de convenios da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic): a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e, como novidade este ano, o festival de danza Corpo(a)Terra de Ourense, con base nas súas acreditadas e respectivas especificidades.

Últimos beneficiarios

O pasado ano recibiron axuda por medio desta convocatoria de subvención un total de 28 eventos. Deles, 19 foron festivais de música: Atlantic Fest, Festival Sonrías Baixas, PortAmérica, Resurrection Fest Limited, Festival de La Luz, Revenidas, Maré Músicas e Artes Atlánticas, WOS Festival, Festival Sinsal, 17º Ribeira Sacra Festival, Vive Nigrán, Melonafest, Morrasound Rock Fest, Underfest, Vilablues Noia Fest, Festival dos Eidos, Festival Musgo, Canteira Fest e Festival Secreto de Vigo.

En canto á modalidade de artes escénicas, os subvencionados en 2021 foron o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Festival Internacional Galicreques, Mostra de Teatro Galego de Cariño, Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), Festaclown de Vilagarcía de Arousa, Festival Internacional de Títeres de Redondela, Corpo(a)Terra de Ourense e mais o festival de monólogos Singular de Narón.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PROFESIONAIS DO MAR DE GALICIA RETIRARON CO APOIO DA XUNTA PRETO DE 120 TONELADAS DE LIXO DO LITORAL ENTRE 2020 E 2021

- Os trece proxectos colectivos desenvolvidos nestes dous anos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños recibiron unha achega pública global de case 620.000 euros, implicaron tarefas de limpeza durante un total de 125 días e contaron coa participación de medio milleiro de persoas
- Dous informes analizados hoxe polo Consello da Xunta mostran que entre os refugallos retirados das costas galegas hai produtos naturais como algas ou paus de madeira, plásticos, metais, teas, gomas, vidro ou cerámica
- Ao resultado dos traballos desenvolvidos nos últimos dous exercicios hai que engadir tanto os daqueles proxectos que teñen continuidade en 2022 como os das iniciativas que se aproben na convocatoria deste ano, que está en pleno proceso de tramitación
- Todas estas accións enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar que busca contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo e produtivo e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras
- Este labor é un exemplo do elevado grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade, algo que tamén pode verse nos plans de xestión de marisqueo xeral e de recursos específicos pois máis do 60 % inclúen accións de recollida de lixo mariño entre os seus obxectivos ecolóxicos a tres anos

O sector pesqueiro e marisqueiro galego recolleu entre os anos 2020 e 2021 preto de 120 toneladas de lixo das costas galegas ao abeiro de trece proxectos colectivos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Consellería do Mar para accións de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar.

Así o recollen dous informes analizados hoxe polo Consello da Xunta sobre estas iniciativas, apoiadas polo Executivo galego e financiadas polo Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro (FEMP). Estas accións contaron cunha achega global de preto de 620.000 euros e poden ser desenvolvidas por confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Dos 13 proxectos desenvolvidos, dez consistiron na recollida activa de lixo por mariscadoras e mariscadores e embarcacións -con días de saída específica para retirar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

residuos de determinadas zonas- e tres de recollida pasiva, sacando do litoral os refugallos que chegan nos aparellos durante os traballos ordinarios de pesca ou de extracción de recursos marisqueiros.

As actividades de limpeza realizáronse nun total de 125 días entre 2020 e 2021 e nelas participaron un total de máis de 500 persoas, unhas 270 persoas mariscadoras a pé e catro embarcacións na recollida activa de lixo e case 260 persoas e oito embarcacións na retirada pasiva. O seu labor contribuíu a retirar esas preto de 120 toneladas de refugallos entre as que se atopaban preto de 32.000 quilos de produtos naturais (como algas, pólas ou paus de madeira, entre outros), máis de 22.000 quilos de elementos de plástico ou preto de 16.000 quilos de vidro ou cerámica. A eles engádense residuos téxtiles, de metal, goma ou doutros materiais variados.

Aos resultados recollidos nos informes avaliados polo Executivo galego hai que sumar tanto os das accións pendentes de desenvolver este ano no marco dos proxectos plurianuais aprobados en 2021 como os da convocatoria de axudas deste exercicio, que contan cun orzamento dun millón de euros a repartir entre 2022 e 2023 e que están en proceso de tramitación.

Implicación do sector

As iniciativas desenvolvidas ao abeiro das axudas da Consellería do Mar son un exemplo do elevado grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, como demostra tamén o feito de que o 61 % dos plans de marisqueo xeral para o período 2021-2023 e o 69 % dos plans de xestión de recursos específicos de 2022-2024 inclúan accións de recollida de lixo mariño nos seus obxectivos ecolóxicos a tres anos.

Todos estes proxectos enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras. A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.